

Moncho Reboiras a loita continúa!

40 aniversario do seu asasinato

Cuarta Feira, 12 de agosto de 2015. FERROL

A HORA DAS NACIÓNS, A HORA DA GALIZA

Neste ano 2015 fanse 40 anos desde que Moncho Reboiras non está fisicamente entre nós, mais o seu exemplo inspirou o traballo incansábel de millares de galegos e galegas que ergueron nestes anos un amplo e ben asentado proxecto nacionalista no noso país. O movemento de emancipación nacional e social da Galiza finca as súas raíces no tempo, afíanzase no presente e proxéctase para un futuro que queremos de liberdade e de xustiza. Por iso hoxe, cando conmemoramos o 40 aniversario do asasinato de Moncho Reboiras queremos formular publicamente 40 puntos, ideas, principios, propostas, que son tamén 40 compromisos con este noso País, como chanzos dun camiño que estamos dispostos a percorrer con decisión porque sabemos que ao final está a liberdade. 40 puntos que arrancan, por coherencia, coa mesma afirmación con que hai 51 anos a Unión do Povo Galego iniciaba o combate: *Galiza é unha nación e, como tal, ten dereito á autodeterminación*, e que sintetizan o presente e o futuro que queremos para a Galiza.

Declaramos que Galiza é a nosa nación e a nosa Patria.

1.- Galiza é unha nación e, como tal, ten dereito á autodeterminación. O povo galego foise conformando ao longo da historia como unha nación, dotada de elementos obxectivos que nos singularizan mais tamén da vontade política de exercermos como tal. Reclamamos, por tanto, un dereito recoñecido internacionalmente a todos os povos do mundo, mais tamén sabemos que iso implica un proceso permanente de construción das estruturas políticas, de conformación da conciencia nacional e de conquista da vontade maioritaria do povo galego para podermos avanzar para a liberdade.

2.- Somos galegos e galegas e, por tanto, Galiza é a nosa única Patria. Afirmar hoxe isto con coherencia é xa, con certeza, unha toma de posición colectiva revolucionaria. Sermos galegas e galegos é a nosa maneira de estarmos no mundo e a nosa forma de contribuírmos para construír un mundo novo, comezando polo noso propio País.

3.- O galego é a nosa lingua nacional. Amámola, defendémola e afirmamos o dereito a usala sempre, en todo momento e en todo lugar. Comprometémonos co obxectivo de alcanzar a plena normalización do seu uso na sociedade galega.

4.- A nación galega ten dereito a existir, a ser libre e soberana, a decidir con enteira liberdade o seu futuro e a se relacionar en pé de igualdade coas outras nacións do mundo.

5.- O nacionalismo galego é expresión política da vontade do povo galego de exercer como nación e o instrumento político que asume a tarefa colectiva de conquistar a súa liberdade. O nacionalismo galego é un movemento de carácter popular, porque son as traballadoras e traballadores e o conxunto das clases populares as que están obxectivamente interesadas en que a Galiza sexa unha nación libre para decidir o seu futuro.

6.- O camiño da liberación nacional e social da Galiza precisa de articular o povo galego en organizacións políticas, sindicais e sociais propias. Só a

autoorganización do noso povo é garantía de podermos actuar sempre con plena independencia de criterio en función exclusivamente dos intereses da nosa nación.

7.- Defender Galiza como nación é defender o povo traballador galego. O nacionalismo galego estivo, está e estará sempre do lado do povo, dos traballadores e traballadoras, dos colectivos agredidos e das persoas maltratadas. O nacionalismo será sempre activo interveniente en todos os conflitos que enfrontan os galegos e galegas cos poderes estabelecidos. Defender o noso povo é defender Galiza.

8.- A Soberanía Nacional é unha necesidade perentoria para podermos romper a dependencia política e económica da Galiza, que nos espolia como povo e nos empobrece. Decidir por nós propios, en función dos nosos intereses, é a base para podermos desenvolver todas as potencialidades sociais e económicas do noso País e camiñarmos para un horizonte de xustiza social e de benestar. A única garantía real e permanente de podermos exercer a soberanía é dotándonos de estruturas de estado, é dicir, constituír un Estado galego soberano.

9.- Se quixermos ser libres temos que comezar por romper as cadeas mentais e pensar e actuar como persoas libres. Se quixermos ser independentes temos de comezar por actuar con absoluta independencia en todo, por nós propios, en función dos intereses nacionais e populares.

10.- Independencia para mudar as cousas e transformar o País. Romper a dependencia á que está sometida a Galiza e conquistar a soberanía é tamén a premisa para podermos construír no noso País unha sociedade radicalmente nova, realmente democrática, xusta e igualitaria, unha sociedade socialista.

Precisamos de soberanía. Coa dependencia, Galiza perde

11.- España e a UE son a ruína da Galiza. Historicamente a dependencia do noso País prexudicou economicamente o noso povo e a nosa xente. A entrada do Estado español na Unión Europea agravou as consecuencias da dependencia. Sectores económicos enteiros, básicos para a nosa economía, foron desmantelados

ou minorizados para favorecer intereses foráneos. Sempre que Madrid ou Bruxelas deciden por nós, Galiza perde; perdemos as galegas e galegos.

12.- España e a UE desmantelaron o noso sector naval, destruíndo miles de postos de traballo. A construción naval foi piar económico e de emprego nun País escasamente industrializado. Hoxe, a pesar das potencialidades que ten, continúa sendo secundarizado para favorecer outros estaleiros do Estado español.

13.- España e a UE arruinaron o noso campo, a produción agro-gandeira e, moi especialmente, o sector leiteiro. Primeiro estableceron cotas e condicións á produción de leite que provocaron a desaparición de máis de 90.000 explotacións no noso País e que o número de persoas que traballaban no sector agrario se vise reducido en 85%. Agora



que foron eliminadas as cotas, abandonan os produtores á voracidade das empresas lácteas. Millares de empregos perdidos e un sector con futuro, arruinado.

14.- España e a UE destruíron o noso sector pesqueiro, reducindo de maneira dramática unha das frotas pesqueiras máis importantes do mundo e provocando a perda de millares de empregos no sector. Hoxe son Madrid e Bruxelas as que deciden onde, como, cando e canto podemos pescar. A frota galega sempre sae prexudicada.

15.- España espolia a nosa produción de enerxía. Galiza é produtora mais, para alén de cargar cos custos ambientais da xeración de enerxía, ten de pagar tamén

os custos de transporte para outros territorios -especialmente Madrid- e os lucros das grandes compañías eléctricas españolas. A política tarifaria, decidida en Madrid, prexudica todas as persoas consumidoras mais tamén penaliza o noso desenvolvemento económico con custos enerxéticos gravosos para as empresas galegas.

16.- España expropia o noso aforro. O Goberno español decidiu acabar co noso raquítico sector financeiro, bancarizando as caixas, saneándoas con diñeiro público, noso, e privatizándoas posteriormente.

17.- A dependencia condena as mozas e mozos galegos ao exilio. As políticas económicas que nos impoñen Madrid e Bruxelas destrúen postos de traballo, impiden as posibilidades dun desenvolvemento económico autocentrado que poda xerar emprego e nega á nosa mocidade a oportunidade de



vivir e traballar no noso país. A emigración é unha lacra secular consecuencia da falta de soberanía.

18.- Galiza paga máis do que recibe. Non somos un País subsidiado. Contra o que de forma sistemática difunde o propio sistema para nos manter submis@s e dependentes, o noso país non vive da caridade de España. Todo o contrario. Para alén da sistemática e secular espoliación dos nosos recursos, da expropiación do excendente económico e da explotación do noso povo, Galiza contribúe ao Estado en maior cantidade da que recibe.

19.- España néganos dereitos e recorta a democracia. O Estado español nega sistemáticamente os dereitos da Galiza

como povo e nin respecta aqueles que legalmente temos recoñecidos, como o de podermos empregar a nosa lingua. Mais tamén os dereitos individuais son sistemáticamente cuestionados e vulnerados, degradando os máis elementais principios democráticos. As leis españolas protexen os intereses dos poderosos, amparando o roubo organizado por parte das grandes empresas, foren bancos ou fornecedoras de servizos, mentres castiga o povo traballador galego e criminaliza a protesta social.

20.- O Estado español non é reformábel. Após case 40 anos de Constitución española -que o nacionalismo galego non apoiou e combateu- fica claro que o sistema político español non será capaz de recoñecer nunca os dereitos das nacións que conforman o Estado nin de aceptar o exercicio democrático do dereito de autodeterminación. A única saída real para a Galiza é, por tanto, a ruptura democrática e un proceso constituinte propio e soberano.

Queremos outra Galiza

21.- Queremos unha Galiza libre e próspera, en que sexa realmente o povo quen exerza o poder, para establecermos no noso País unha democracia real. Unha Galiza en que todas as persoas sexan iguais e vexan plenamente garantidos os seus dereitos e en que o conxunto dos recursos e facultades do noso País se coloquen ao dispor do desenvolvemento colectivo e do benestar das galegas e galegos.

22.- Queremos unha Galiza que aproveite as inmensas potencialidades económicas que temos como País, que desenvolva as nosas capacidades produtivas, que poña a produción enerxética e o aforro dos galegos e galegas ao servizo do benestar social, da creación de emprego e do desenvolvemento sustentábel.

23.- Queremos unha Galiza que restaure completamente os usos sociais do galego. Unha Galiza en que todas as galegas e galegos poidamos vivir con normalidade na nosa lingua.

24.- Queremos un ensino público galego de calidade, axustado á nosa realidade e pensado para favorecer o desenvolvemento integral das persoas e o desenvolvemento social, económico e cultural do noso País. Os recursos públicos que actualmente van parar a empresas privadas serán destinados a mellorar a calidade do ensino público. O galego será lingua vehicular do ensino.

25.- Queremos unha sanidade universal, gratuíta e de calidade e uns servizos sociais e de apoio á dependencia que garantan a atención integral das persoas e contribúan para a mellora da calidade de vida e do benestar da poboación. O diñeiro público destinado na actualidade a financiar empresas que fan negocio coa saúde será destinado integramente á mellora do sistema social e sanitario público.

26.- Queremos unha administración pública galega que responda á nosa realidade, suprimindo a estrutura provincial imposta polo colonialismo español. As administracións públicas galegas xestionarán directamente os servizos públicos co obxectivo de garantir que sexan universais e de calidade.

27.- Queremos unha Galiza de mulleres e homes libres, que rompa co patriarcado e garanta a igualdade real en todos os ámbitos da sociedade, públicos e privados.

28.- Queremos unha Galiza que coide do seu medio natural, ambientalmente responsábel e que aposte en criterios de sustentabilidade.

29.- Queremos un sistema social e económico superador do capitalismo, a camiño do socialismo, Un sistema en que as necesidades e intereses das clases populares sexan o primeiro e en que a banca e grande empresa nos sectores estratéxicos sexan nacionalizadas e postas ao servizo do povo e do País. En todo o caso, será básico a creación dunha banca pública galega e dun sector industrial público.

30.- Queremos unha Galiza orgullosa de si propia, que restaure integralmente a súa historia e memoria colectiva, valore o seu patrimonio e desenvolva plenamente a cultura, a literatura e as artes, liberando a inmensa capacidade creativa do noso povo.

Con confianza no noso povo, Galiza pode

31.- A hora das nacións. A crise dun sistema político español absolutamente esgotado que ten, aliás, na reivindicación dos dereitos nacionais unha das causas fundamentais, fará inevitábel que se abra o debate sobre a ruptura democrática do Estado e a asunción da soberanía por parte das nacións. O proceso de independencia de Catalunya é a punta de lanza dunha dinámica que será imparábel.

32.- A hora da soberanía. Non é este un debate apenas no Estado español: o referendo de Escocia ou o crecemento do soberanismo

noutras nación de Europa poñen en primeiro termo a cuestión nacional. Os recentes acontecementos coa imposición á Grecia de políticas antisociais perniciosas para os seus intereses colocan aínda máis en primeiro plano a necesidade de as nacións exercerem a soberanía.

33.- Povo soberano, povo con estado. Contra o que reiteradamente sostén o discurso propagandístico español sobre a imposibilidade de crear novos estados na Europa, a realidade indica outra cousa ben diferente. Nos últimos 30 anos apareceron no planeta 30 novos estados soberanos, 14 deles en Europa. No noso continente foron 19 os novos estados xurdidos desde comezos do século XX até hoxe. Ningún deles pretendeu en ningún momento renunciar á súa condición de estado soberano para tornar á anterior situación de dependencia.

34.- Galiza é perfectamente viábel como estado soberano. Mais unha vez, constatamos que é falsa a propaganda española sobre a inviabilidade económica dunha Galiza soberana, e menos aínda en función do seu tamaño xeográfico, demográfico ou económico: comparados cos estados actualmente existentes, estamos entre os 100 máis grandes do mundo por poboación e, mesmo nas condicións económicas actuais, entre os 50 máis grandes por economía. Só en Europa existen 11 estados soberanos con menos poboación que a Galiza e 13 con menor peso económico. No mundo existen 137 estados independentes con menos entidade económica que o noso País.

35.- Vivirmos do noso traballo. Como a Galiza non é un País subsidiado, vivimos exclusivamente do noso esforzo, incluídas as persoas xubiladas que cotizaron mentres traballaron. O Estado Galego garantirá a todas as galegas e galegos a totalidade de dereitos laborais,

sociais e económicos, entre eles, loxicamente, o dereito á pensión de xubilación con independencia de onde vivisen ou traballasen ao longo da súa vida.

36.- Galiza, unha nación no mundo. O Estado Galego soberano participará en todas as estruturas de cooperación e organismos internacionais que considere positivos para os seus intereses nacionais. Nese sentido, o exercicio da soberanía é tamén a oportunidade de o noso País romper coas políticas da Unión Europea, de se afastar desa unión económica e monetaria ao servizo da oligarquía que trava o desenvolvemento do noso País.

37.- O Estado Galego manterá relacións de cooperación e boa veciñanza cos povos da península no ámbito político, económico ou calquera outro, sempre co criterio de seren de interese mutuo e, por tanto, beneficiosos para o noso povo.

38.- O Estado Galego promoverá a relación como País soberano coa comunidade de países lusófonos, por entender que pode resultar de grande interese por razóns lingüísticas e culturais mais tamén positiva polas oportunidades de intercambio económico e de relacionamento político.

39.- Unha oportunidade para unha política de paz. O Estado galego actuará no contexto internacional, desde unha posición anti-imperialista e internacionalista, para defender a paz, a solidariedade e a liberdade así como a coexistencia pacífica e a cooperación entre todos os povos do mundo. Nese sentido, a constitución da Galiza en Estado soberano permitirá romper calquera relación coa estrutura militarista da OTAN e coas políticas imperialistas agresivas comandadas polos EUA e executadas pola Alianza Atlántica.

40.- A hora da Galiza. Imos converter os soños en realidades e as ideas en feitos, como quería Castelao. A Galiza libre e próspera que queremos será realidade mais cedo do que tarde. Conquistaremos a Independencia Nacional para constituírmos o noso propio Estado soberano, a República da Galiza.